



## Concurso escolar de poesía Rosalía de Castro

Para difundir no mundo escolar a relevancia da autora de *Cantares gallegos*, a Fundación Rosalía de Castro e El Corte Inglés convocan un concurso de poesía para o alumnado de Secundaria e de Bacharelato que se rexerá polas seguintes bases:

1ª. Estableceranse tres niveis de participación:

- I. 1º ciclo ESO (1º e 2º).
- II. 2º ciclo ESO (3º e 4º).
- III. Bacharelato.

2ª. As obras, que deberán ser orixinais na súa totalidade e rigorosamente inéditas, serán redactadas en Lingua Galega.

3ª. O tema será de libre elección polo alumnado, así como a forma poética escollida.

4ª. A extensión máxima non excederá os 50 versos, podendo estar repartidos en varios poemas, e só se aceptará un máximo de dous traballos por autor ou autora.

5ª. Remitiranse catro copias sen asinar de cada un dos traballos nun sobre pechado, en cuxo exterior figurará o título da obra, o nivel no que concursa e un pseudónimo. No interior do sobre, enviarase unha nota cos datos seguintes: título da obra, nome, apelidos, curso e centro, domicilio e

teléfono do autor ou autora e un endereço electrónico.

6ª. O prazo de admisión dos orixinais finalizará o día 30 de maio de 2014 e remitiranse a calquera dos centros El Corte Inglés de Galicia:

Ámbito Cultural El Corte Inglés  
Ramón y Cajal, 57  
15006 **A CORUÑA**

Ámbito Cultural El Corte Inglés  
Restollar, 50  
15702 **SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Ámbito Cultural El Corte Inglés  
Gran Vía, 25-27 36204 **VIGO**

7ª. A Comisión Organizadora designará un Xurado Cualificador que será quien decida sobre calquera dúbida que poidan orixinar estas BASES, sendo o seu fallo inapelable.

8ª. En cada categoría estableceranse un primeiro premio e dous accésit:

Primer premio: iPad 32GB  
1º Accésit:  
Troxeta de agasallo de El Corte

Inglés, por un valor de 200€  
2º Accésit:

Troxeta de agasallo de El Corte Inglés, por un valor de 100€

9ª. O fallo do concurso farase público o día 7 de xuño de 2014 e a entrega de premios terá lugar na Casa-Museo Rosalía de Castro o día 14 de xuño en acto poético-musical ao que serán convidados os familiares, profesores e compañeiros dos premiados.

10ª. A Comisión Organizadora resérvese o dereito da publicación dos traballos presentados. Os premiados comprométense a entregar as obras nun soporte informático (CD), ou por medio do correo electrónico, á organización con vistas á súa futura publicación.

11ª. A participación neste Concurso significa a plena aceptación destas Bases e do fallo do xurado.

Para calquera información adicional, correo electrónico da Fundación Rosalíde Castro:

[fundacion@rosaliadecastro.org](mailto:fundacion@rosaliadecastro.org)